

VII Encontro de Embarcacións Tradicionais

Bueu 2002



organizan



CONCELLO DE BUEU

ASOCIACIÓN OS GALOS

Saúda

Ola amigo/a:

Un ano máis celébrase na nosa vila o Encontro de Embarcacións Tradicionais, que este verán chega a súa 6ª edición.

Entre a Asociación Cultural “Os Galos” e o Concello de Bueu, contando coa colaboración doutros organismos e empresas, intentamos levar a cabo un programa de actividades sinxelo e á vez moi importante dada a transcendencia que consideramos van ter en Bueu tódolos temas relacionados co mar.

O 2002 é un ano histórico que vai ser recordado entre outras cousas pola apertura ó público do Museo Massó, unha instalación tan relacionada co mar, con Bueu e coa historia, así como pola construción e posterior botadura do Bote Xeiteiro, un barco típico do noso pobo no pasado e que agora podemos contemplar navegando de novo polas costas bueuenses gracias ó interese e o celo demostrado pola asociación “Os Galos”, que efectuou as xestións oportunas para sacar adiante a recuperación desta embarcación tradicional. Noraboa polo esforzo realizado.

O Concello de Bueu, a través da Concellería de Cultura, apoiamos e intentamos respaldar dentro das nosas posibilidades este tipo de iniciativas, xa que consideramos que a nosa vila vaise converter nun referente importante da cultura mariña en Galicia, dadas as nosas condicións naturais, histórico-culturais, infraestructurais, etc. Para promocionar todo este potencial estamos traballando na creación dunha Fundación coa axuda de distintas persoas vincelladas ó ámbito cultural do noso pobo.

Esperando e desexando que disfruten dos eventos organizados, así como da súa estancia entre nós rodeados de ambiente mariño, reciban unha forte aperta.

Bueu, xuño do 2002

O Concelleiro de Cultura,

Manuel Freire Pastoriza

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

ASESORÍA FISCAL - CONTABLE - LABORAL
JURÍDICA - ADMINISTRATIVA

ASESORÍA CABODEVILA

SEGUROS GENERALES: **VITALICIO - AEGON**
BARCOS - VIVIENDAS - PLANES DE PENSIONES
AUTOS, COMERCIO Y OFICINAS - EMPRESA - TRANSPORTES
SEGUROS DECENIALES - RENOVACIÓN PERMISO DE CIRCULACIÓN

Montero Ríos, 99 Galerías
Telf 32 32 65 - 36930 Bueu

As embarcacións tradicionais



A explotación do mar en Galicia comezou pola simple recolleita nas praias de marisco ou pola pesca dende a costa. O seguinte paso sería introducirse nunha embarcación e penetrar nas rías ou fóra delas.

Isto significou o desenvolvemento de embarcacións axeitadas para a navegación nas nosas costas e

a satisfacción das necesidades dos mariñeiros. A súa orixe será diversa: nalgúns casos será creación propia da cultura e saber popular, e noutros será importada doutros lugares e modificada e adaptada ó noso hábitat. De todas elas unhas perduran, chegando ata hoxe, e outras desapareceron por mor da modernización.

E, ó mesmo tempo, e como non podía ser menos, prosperou toda unha industria da construcción de embarcacións no país, que vai dende os más modestos talleres de ribeira ata os más grandes estaleiros europeos

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

RESTAURANTE ESTRELLA



ESPECIALIDAD EN: Rodaballo guisado
Almejas a la marinera

BOGAVANTE CON ARROZ
"Una delicia para los más entendidos"

Xoán Carballeira, 6 Telf 986 32 06 75 Bueu

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

Bar
atu u rrxo
BUEU



Embarcacións

A evolución da construcción de embarcacións en Galicia deu lugar á aparición de gran número de tipos con características propias de cada un deles. Así e todo podemos falar dunha serie de características comúns:

- A proa é alta e pouco lanzada con amuras non moi abertas para afrontaren ben o mar.
- A construcción a tope, agás a dorna e o barco do río Miño.
- Uso xeneralizado da vela de relinga, aínda que logo se empregaron outros tipos de vela.

Todas elas conforman un rico patrimonio cultural, sen deixar de lado a súa importancia funcional. Coñezámolas más importantes:

O Vapor
A Lancha Xeiteira
A Dorna
A Lancha e o Bote de Xávega

O Bote Polbeiro
As Gamelas
Os Botes
A Traíña

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

AGRICOLA GARRIDO

servicio a domicilio

Pienso, abonos, semillas, pollos

Pazos Fontenla, 7 36930 Bueu Pontevedra Tfno. 986 320 699

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



- * AEROBIC INF.
- * AEROBIC
- * GIMNASIA DE MANTENIMIENTO
- * MUSCULACIÓN
- * TAEKWONDO
- * MASAJES

Xoán Carballeira, 10
telf 986 32 20 08 - Bueu




Foto: Manuel Freire Souto

A dorna

A dorna é a embarcación tradicional máis coñecida, viva, en uso e que aínda hoxe pesca en Galicia. As súas liñas, estructura, calidades mariñeiras, a construción en calime -máis tarde tamén aparece a construcción de tope-, a forma do remo ou a forma da vela fan dela a embarcación más singular do país. De influencia nórdica, parecida ós buques viquingos, sobrevive hoxe incorporando motores fóra-borda sen grandes transformacións e sen perder a súa esencia.


As súas dimensións son variables segundo os tipos: dende os 4,70 m. das pequenas dornas polbeiras ata os 7 m. das dornas xeiteiras. Temos, ademais, as malleiras e as tramalleiras. As medidas das dornas exprésanse habitualmente en cuartas de quilla (21 cm.). Tamén varían segundo o lugar de construcción.


As boas condicións mariñeiras que lle dan á dorna a quilla e o seu amplio temón fana moi axeitada para navegar a vela, converténdose nos últimos tempos nunha embarcación moi apreciada para a navegación de lecer

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

Juan Villar

PELUQUERO

Ramal dos Galos, 9
telf 986 3ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionaisEduardo Vincenti, 4
Tfno. 986 322 897



A lancha xeiteira


Foi a embarcación de pesca máis empregada e representativa da costa galega, estendéndose a súa presencia dende a Costa da Morte á desembocadura do Miño. Desapareceu a mediados dos anos 60.


De tamaño mediano, tiña ó redor de 9 m. de eslora por 3 de manga a 0,9 de puntal. Era totalmente simétrica de proa a popa, sendo a primeira más elevada e lanzada. A cuberta estendíase ata o centro da embarcación. Na proa había dous espacios pechados pola cuberta e separados entre si. O que está máis preto da popa recibía o nome de 'tilla'.

Podíase desprazar a remo ou a vela, para o que tiña un pao de 9 m. e unha verga de 4,5. Todas estas características permitíanlle navegar con grande estabilidade e porta-la vela sen necesidade de lastre.

Na construción empregábase madeira de carballo e de piñeiro. Utilizábase para ir á sardiña coa arte do xeito que é a que lle presta o nome.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais





O Vapor

Reciben o nome de 'vapores' un conxunto de embarcacións de distintas formas e tamaños que teñen como característica común o seren impulsadas por unha máquina de vapor. Existe un tipo característico coa proa alzada, vertical e alta, e a popa en rabo de galo. Destaca na súa silueta unha gran cheminea vertical ou lixeiramente caída, a popa e a proa dela unha pequena ponte. Os de menor tamaño reciben o nome de 'motoras'..

Tíñan unha tripulación formada por 9 homes, o maquinista e o fogueiro. Eran empregados para pesca con palangre da pescada e do ollomol e, a partir de 1904, cambian ás artes de arrastre das mesmas especies. Na pesca da sardiña empréganse os vapores a partir de 1904 (ó norte de Fisterra) e en 1912 nas Rías Baixas séguese a usa-lo cerco de xareta ou a tarrafa. A mediados dos anos 50 comeza a súa decadencia ó seren substituídos polos motores diesel, desaparecendo definitivamente a comenzaos dos 70.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



Bar COYOTE

ZONA PEATONAL
BANDA DO RÍO

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

Café Bar

BURAQUIÑO

ALDÁN

A lancha e o bote de Xávega



Ambas son embarcacións para o manexo da arte da xávega. Estendidas por toda Galicia, desapareceron ó se deixar de usa-la arte. A lancha era a base dende a que operaba a xávega. Tiña maior tamaño có bote. Media entre 9 e 11 m. de eslora e de 3 a 4 m. de manga, tiña a

popa e a proa simétricas, carecía de vela e contaba con 5 ou 6 remos por banda.

Aberta e sen más que unha pequena cuberta a proa e popa, tiña os bancos cara á proa, deixando na popa un espacio amplio para leva-la arte.

Empregouse para larga-la arte, que era de grandes dimensíons (ata 600 m.), con cabos de 1.000 m. ou máis para tirar dela. Para isto a lancha deixaba un cabo en terra e, describindo unha elipse, rodeaba a posta, volvento o outro cabo a terra. Logo recollíase con axuda de bois. O bote de xávega, de 5 ou 6 m. de eslora e 2,5 de manga, popa cadrada, aparellaba vela ó tercio. A proa tiña unha cuberta pequena e pequenos corredores, con 3 ou 4 remos por banda.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

PUB
CAMIÑO VELLO
XEIXO - MARÍN

O Bote Polbeiro

Embarcación de características peculiares, praticamente reducida a Bueu e ó seu contorno, hoxe xa desaparecida.

Tiña unha eslora de entre 3,5 e 5,5 m., e de manga a metade da eslora, o que lle daba un aspeco de embarcación redonda. Tiña cuberta ata un tercio de eslora e pequenos corredores no resto. Aparellou inicialmente vela latina, que máis tarde se cambiou por vela de martelo.

De construción e formas que recordan á lancha xeiteira, empregaba doux remos de dúas pezas semellantes ó remo da dorna, que tamén se cruzan para remar. A construción é polo método de tope.

Adicado, exclusivamente, á pesca do polbo, do que toma o seu nome.





Foto: Asoc. San Miguel - Bouzas



As gamelas

Baixo a denominación de 'gamelas' agrúpanse un conxunto de embarcacións con características diferenciadas. As más típicas son as de fondo chan e costados de dúas táboas en calime. Estas son as tamén chamadas 'chalanas'.

O tamaño é variable: eslora entre 3-7 m. e manga entre 1,2-2 m. O fondo está constituído por táboas transversais que se fan firmes sobre tres varadoiros que van de proa a popa, un polo centro e cadanxe polo bordo de cada costado. Estes están feitos de táboas enteirizas de proa a popa montadas en calime. A popa é cadrada, cunha estampa máis ou menos caída e lixeiramente más alta cós costados, adoitando presentar unha entalladura chamada 'xingradeira'.

Antes aparellaba a vela ó tercio ou mística e hoxe xa emprega remos ou motor. É habitual o seu uso como embarcación auxiliar nos portos. Tal vez sexan as gamelas da Guarda e Coruxo unha das más tradicionais e coñecidas.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

Restaurante

“O Chouzo”

c/ Banda del Río, 59 Bueu-Pontevedra

Tfno 986 32 12 26


terraza al aire libre



ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

O FURRUGIÓ

Os Botes



Están formados por unha serie de embarcacións de ata 8 m. de eslora, caracterizadas por ter quilla e fondo redondo, podendo ser de proa e popa simétrica ou te-la popa cadrada, o que diferencia dous grandes grupos. Levaban aparello tanto para vela de relinga coma para vela latina segundo a zona, eran impulsados tamén a remo. O seu uso estaba fundamentado na pesca nas proximidades da costa ou como embarcación auxiliar, áinda sendo hoxe moi

abundantes en todo o país.


Dentro dos botes hai pequenas diferencias locais que identifican tipos coma o bote de Ribadeo, o bote de Maniños, o bote xeiteiro, o bote de Carril e un dos más característicos: o bote de Fisterra. Empréganse para traballar con nasas, palangre, redes de dimensións pequenas como betas e trasmallos e, sobre todo, para pescar con liñas.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



Restaurante Hotel
LOUREIRO

Loureiro, 13 Tfno. 986 320 719 Bueu



A Traíña

É unha embarcación de orixe cantábrica que se estendeu por toda Galicia, a partir de 1896, chegando a ser común; dedicada á pesca da sardiña coa arte de cerco de xareta.

Ten unha sección en U, cun ancho uniforme de proa a popa e a roda e o codaste curvados cara a atrás. Están aparelladas para vela pero o común era que navegasen a remo, para o que levaban de 8 a 10 remos por banda.

De 9 a 12 m. de eslora e arredor de 2,40 m. de manga, eran de máis puntal na proa ca na popa (1,10 a 1,90 m.). Levaban unha pequena cuberta a proa e outra a popa, carecían de corredores e levaban bancos para bogar.

Hoxe mantéñense, estilizadas para a práctica deportiva do remo. Este uso ten a súa orixe nas carreiras entre as diferentes traínas para chegar antes a vender e acadar mellor prezo e nos desafíos entre tripulacións.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

The logo for Molinera Taberna Típica BUEU features a central graphic of a marlin fish leaping out of the water. The fish is depicted in a dynamic pose, with its body curved and its dorsal fin and tail visible. The background of the logo is a textured, light green color that suggests water. Above the fish, the word "molinera" is written in a lowercase, sans-serif font, with the letter "a" positioned above the fish's head and the rest of the letters following the curve of its body. Below the fish, the words "TABERNA" and "TÍPICA" are stacked vertically in a large, serif font. At the bottom of the logo, the words "VINOS Y TAPAS DEL PAÍS" are written in a smaller, serif font. Below this, the word "BUEU" is written in a large, bold, serif font. At the very bottom, the address "c/ Alexandre Boveda 2" and the phone number "Tfno 986 321 582" are provided in a smaller, serif font.

Construccions



A construcción de embarcacións ten en Galicia unha importancia indiscutible sendo un dos sectores industriais más importantes e punteiros. Requiere un persoal especializado e unhas instalacións axeitadas, que, xenericamente, reciben o nome de 'estaleiros', sendo hoxe en día medianas ou grandes empresas que fabrican todo tipo de embarcacións: dende os más grandes petroleiros ata os barcos de lecer e divertimento..

Neste importante desenvolvemento foron fundamentais o coñecemento dos mariñeiros, pescadores e, sobre todo, a pericia dos carpinteiros, que desenvolvían o seu traballo nas carpinterías de riveira, instalacións de alta complexidade e especialización, nas que se construían tanto embarcacións de pesca como aquelas destinadas ó transporte de mercadorías e pasaxeiros. Coñezámolo proceso de construcción que comezaba cando o armador se achegaba ó carpinteiro para encarga-la embarcación.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

INVERNAJE Y GUARDERÍA MOTORES Y BARCOS


ASTIXANO

Reparaciones en:
poliéster - pintado - mecánica
Mercado de ocasión y nuevos
Eléctronica - transportes



POLIGONO INDUSTRIAL CASTIÑEIRAS, 100 TFNO/FAX. 986 324 061

O Deseño



As formas do barco obtíñanse a partir dun modelo de medio casco.

Para facelo, o carpinteiro empregaba un bloque de madeira feito a base de táboas de igual grosor unidos por espigos de madeira.

Logo tallaba o bloque dándolle a forma do medio barco, ó principio de xeito máis basto e logo refinando con lixa ata que a forma se adaptaba ó modelo.

Feito iso había que pasar á realidade: desarmaba os espigos, obtendo unha serie de táboas con seccións horizontais do casco.

Só lle quedaba busca-la proporción que existía entre o modelo e o barco real. Coñecida esta relación comezaba a face-los patróns das cadernas ata acada-lo perfil da caderna en debuxo. Eses perfís pasábanos a un patrón, xa en madeira, co que quedaban fixos para novas construcións semellantes, ademais de facilita-lo aproveitamento da madeira.

Este xeito de construcción por patróns favorecía a fixación dos modelos que tiñan más éxito e a transmisión dos coñecementos no propio taller.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

**Venta novo
e usado
Reparación**

GALI
MOTOR

*Racing
Motos*

Moledo 105 - Ardán - Marín Telf/FAX 986 70 22 50



A madeira

Para comeza-la construcción, o carpinteiro tiña que dispor no seu taller de madeira adecuada: a dura e resistente do carballo, para a quilla ou cadernas; e a flexible do piñeiro, para o forro ou o pao da vela. A elección da madeira é un problema delicado no que a experiencia do carpinteiro é básica: buscaba aquelas árbores que mellor se adaptaban ó que precisaba, tendo en conta a súa forma, estado ou dimensións. Escolleitas, eran cortadas polo pé co machado e o tronzador. Despois serían levadas para a carpintería de ribeira. O cortado debíase facer nos meses de parada invernal das árbores (sobre todo de novembro a febreiro). O carballo tiña, ademais, que curar..

Os troncos serrábanse coa serra do aire ou coa serra portuguesa, para o que se apoiaba o tronco no burro. Deste xeito o carpinteiro facíase coas táboas, pontóns e pezas rectas que necesitaba. Logo, sobre elas, e coa axuda dos patróns, trazaba as pezas da embarcación e íanse preparando co uso da serra e a aixola de man. As pezas curvas labrábanse coa machada e a aixola de pé, rematando o traballo fino coa garlopa e o cepillo.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

Carnicería

D a u i d

Banda do Río, 61
tfnos 986 32 07 38

36930 BUEU

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

CAMAWEY
CAMAWEY
CAMAWEY
CAMAWEY

MÚSICA EN DIRECTO


r/ Cruz Roja, Pontevedra

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

CA

CONSTRUCCIÓN
Antón-Bueu

Pousada, 9 - CELA
Móvil 639 98 23 12
36939 BUEU (Pontevedra)



Bota-la quilla

Xa están preparadas as distintas pezas que componen a embarcación. Entón, o primeiro que se fai é monta-la quilla. Se non se atopou madeira que permitise facela dunha soa peza, ensamblábanse as necesarias mediante empalmes e enlaces tipo raio de Xúpiter..

Despois a quilla ponse sobre uns apoios firmes e nívélase ben para que logo non haxa problemas ó ir construíndo a embarcación. Colocadas as pezas centrais da quilla, únense a elas a roda, co seu pinchón de proa, o codaste, co seu pinchón de popa, a contrarroda e o codaste interior, co que a columna vertebral da embarcación está montada.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

Alcalda Xoan Carballeira, 14
Tfno.- 986 32 09 86

BUEU (Pontevedra)

María Torres

Regalos y Muebles Auxiliares

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

A U T O B U S E S **Cerqueiro s.l.**




*Servicio de viajeros entre

Bueu, Aldán y Cangas

*Excursiones y colegios

*Autocares de 20 a 55 plazas

parque empresarial de castñeiras
A PORTELA 36930 BUEU
Telf 986 32 02 54
Fax 986 32 28 92 Bueu



As cadernas

Sobre a quilla vanse colocando as cadernas ou madeiros. Estas únense á quilla polas varengas, que reforzan a unión e a suxeitan con pernos de ferro e espigos de madeira. Colócase a sobrequilla, se a leva, que ten uns rebaixes entre cada caderna, polo que, unha vez instalada, abraza a unión das cadernas coa quilla, dándolle resistencia ó costelar da embarcación. Logo colócanse os baos, se vai levar cuberta.

A caderna mestra é a maior de todo o barco, sendo a que determina a súa sección.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



O Percebeiro

BUEU


MADRID

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

carnicería

*J. Antonio Nieto Moreira
Encarna Iglesias Cádiz*

ternera
cordero
cerdo




COMPRA Y VENTA
DE GANADO

Tfno. Casa 986 323 495

Tfno. Carnicería 986 322 463

Tfno Móvil: 619 294 135

BELUSO-BUEU-PONTEVEDRA



o Banceado

Sobre a estructura formada pola quilla e as cadernas, comézase a coloca-lo forro pola cinta da cuberta. O forro está formado por táboas de piñeiro que se van cravando ás cadernas. A cravadura facíase con cravos de ferro, lixeiramente cónicos da cabeza á punta, de sección cadrada, que se metían a fondo na madeira para poder tapalos cos tapíns ou enmasillalos co fin de impedi-la súa corrosión por efecto do contacto coa auga salgada..

A operación de forrar chámase, tamén, 'bancear' e 'bances' son cada unha das táboas colocadas no forro ou banceado. Hai dous tipos de banceado: o banceado a tope e o de escarda ou calime. Este último é o empregado na dorna..

Ó remata-lo banceado colócase o trancanil e a tapa regala..

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



TALLERES NINO



CARROCERÍA EN GENERAL


C/ Vilaboa, s/n - Tel 696 75 09 35 ** 639 25 44 86 CANGAS


ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

BAR TIMONEL

SEIXO

MARÍN





A Cuberta

Se a embarcación leva cuberta, esta colócase sobre os baos. Está formada por un piso de táboas que cerra o casco pola parte superior e no que se abren ocos

para acceder ós espacios interiores ou para coloca-lo pao da vela. Se estes ocos son moi grandes a cuberta queda reducida nos costados a dous espacios de paso estreito que se chaman 'corredores'. Na proa e na popa case sempre hai cuberta agás nalgúnsas embarcacións abertas. Debaixo dela hai espacios para gardas pertrechos e capturas, que reciben diversos nomes: 'tilia', 'cubiclete' ou 'cadeira'..

Nas embarcacións sen cuberta ou nos espacios abertos do casco colócanse bancos de costado a costado, onde se sitúan os mariñeiros encargados de remar ou de leva-lo temón. Como o fondo da embarcación ten forma de "V" colócase un piso que se chama 'empanetado'.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

ALUMINIOS BUEU S.L.

- *CRISTALERÍA
- *PERSIANAS
- *MANPARAS
- DE BAÑO

Alexandre Bóveda, 26 BUEU
Tfno 986 320 052 FAX 986 320 052

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



A protección

Rematada a construcción do casco, quedan por facer dúas operacións relacionadas coa protección da embarcación fronte a auga. A primeira é o calafateado, que consiste en asegura-la estanquidade das xuntas metendo estopa ó longo

delas, que logo se impermeabiliza con brea. O estopado non era habitual nas xuntas ó longo da construcción a tope, aínda que si se facía nas de construcción en calime. Si era común nas xuntas transversais e nas cabezas dos bances, así como na cuberta..

Calafateado o casco quedaba face-lo carenado, trata-la madeira para impedi-la súa putrefacción, para o que se pinta o interior con alcatrán e o exterior cunha mestura de brea, xofre e aceite ou saín, que se quenta para aplicalo. Este tratamento deberíase de repetir con frecuencia, xa que se desgastaba e se volvía crebadizo ó pasa-lo tempo.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais




NOUTRORA

INFORMÁTICA

AV. PAZOS FONTENLA, 64 , BUEU
TFNO. 986-322-542

WWW.NOUTRORA.COM



O Aparello da Vela

Segundo o tamaño da embarcación o aparello da vela podía ser fixo, coma nos galeóns, ou abatible, como na lancha xeiteira ou na dorna. Neste caso o mastro é removable, podéndose sacar e poñer segundo faga falla ou non. Entón, a lancha dispón dunha enfogonadura ou burato do pao por onde entra o pao, asegurándose o seu pé directamente nunha peza fixada á quilla, a pica ou pía..

O pao da vela é de madeira de piñeiro dunha soa peza. Cortado na época axeitada, escascábase e deixábase curar un tempo ó aire. Preparábase labrando o pé, que se asenta na enfogonadura e eliminando algún saínte dos nós, pero non se labraba nin cepillaba pois perdía resistencia..

A verga, tamén de piñeiro, ten a un tercio máis ou menos da súa lonxitude un cabo, a austaga que pasa á driza, outro cabo que permite izala e arriala.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

CAFÉ BAR



NUNCIA




C/ Montero Ríos, 99 - Galerías

Tfno 986 322 188

BUEU

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionaishorno de leña, especialidad en bollas,
roscones y empanadasBANDA DO RÍO, 57 TELF 986 32 04 10
DESPACHO: MONTERO RÍOS, 143 BUEU

Outros elementos




A vela faciase con lenzo de liño. O veleiro, de acordo coa medida do barco, deseñaba a vela no chan mediante cravos. Entre estes colocaba a relinga, marcando o seu bordo o que lle permitía corta-los panos necesarios para cubri-lo espazo. Os panos eran cosidos mediante costuras reforzadas para que non rompesen cos fortes ventos para o que usaba fio embreado e costurasdobres, montando sempre un pano sobre outro. Cosidos estes, reforzaba a vela con pezasdobres ou triples nos puntos de maior esforzo: nos puños de amura e de escota. Por último, encascábbase para unha mellor conservación, o que lle daba a cor avermellada que se pode ver nalgunhas velas tradicionais. Remata a vela, facía falla equipa-la embarcación cos remos, a poutada e a vara de portar..

Para poder cociñar a bordo do barco, este podía levar unha pedra chá na que se facía o lume, aproveitando, as más das veces, a cana do temón para colga-lo pote.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

A BOLERA⁸

O REAL - TEL 986 312 613
MOAÑA



A botadura

Rematada de construír estaría a embarcación lista para navegar, para o que é preciso metela na auga. Para iso, e aproveitando unha marea baixa, desprazábase enriba de rolos ata unha zona onde a marea

alta a fixese aboiar. Se a embarcación era moi grande esta operación era más complicada e empregábanse bois para tirar dela cara á praia..

Era cando a embarcación estaba no mar cando se levaban a cabo os derradeiros arranxos. Despois só quedaba desexarlle ó novo barco un longo e feliz navegar. Por iso se realizaban determinados ritos: colocándolle un ramo de loureiro na proa, escondendo allos ou cornos de cabra como protección contra as meigas e o mal de ollo, ou poñendo un peso de prata baixo o mastro para que se tivese fortuna na pesca

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



Restaurante *Veiriña do Mar*

Especialidad. COCINA GALEGA

Playa de Loureiro 11
tfno 986 322 327

BUEU

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



TALLERES DAVISAN S.L.

SERVICIO OFICIAL CITROËN

Tfno. 986 323 155

Fax. 986 324 418

Pousada, 15
Cela-Bueu

REXURDIR DO MILLO CORVO, TESTEMUÑA DUNHA TRADICIÓN

Asociación Socio-Cultural, Deportiva e Xuvenil Meiro

A Asociación Socio-Cultural, Deportiva e Xuvenil Meiro fundouse na aldea buenense de Meiro no ano 1997. Foi constituída por un grupo de persoas con grandes inquietudes culturais que decidiron unir os seus esforzos para alcanzar un obxectivo común: a recuperación etnográfica, gastronómica e cultural da nosa terra, Galicia.

Nesta liña, a asociación ven realizando dende o seu nacemento, diversos actos e actividades culturais, deportivas, ... que veñen dinamizando dun xeito significativo a Comarca do Morrazo.

Cada ano comeza con novas ilusións, ideas e proxectos que dalgún xeito amplían e renovan as múltiples actividades que a asociación ven realizando dende o seu xurdir.

E nesta liña encadramos como a actividade máis relevante, a recuperación do millo corvo (o gran ten cor negra, de ahí o seu nome).

RECUPERACIÓN DO MILLO CORVO

A memoria e asesoramento dos máis anciáns do lugar foi determinante á hora de conseguir a realización deste proceso de maneira ecolóxica e tradicional. Esta recuperación conleva actividades durante tódalas épocas do ano.

Sementeira primeira fase da actividade dentro do proceso da recuperación do Millo Corvo. Na primavera, aló polo mes de abril, iníciase a preparación das leiras e abonado das mesmas para o cal se utiliza o esterco (mestura de estrume e excremento animal). Para despois arar a terra de maneira manual, coa única parella de bois do Concello de Bueu (Cabano e Gallardo) que veñen de Vilar (Parroquia de Beluso). Despois péchase o rego e pásase a grade, para achanzar a terra.

Cava eliminación das herbas que medran arredor dos milleiros, cando éstes contan cuns 10-20 cm de altura.


Renda cava más superficial e de rareo, quitandolle os milleiros que están mais bastos para que o seu desenvolvemento e crecemento sexa máis vigoroso.

Corta e empalleirado realiza aló polo mes de setembro / outubro. Cortando os milleiros e facendo palleiros, desta maneira, según din os vellos do lugar, a espiga seca e remata de refacerse..

Esfollada é a seguinte tarefa que consiste en separar a espiga da cana, para logo ser carretadas para o seu almacenamento no horreo, donde remata de secarse. Segundo as costumbres e o asesoramento dos vellos, farase con lúa menguante.

Debullada consiste en separar o gran da espiga de maneira manual, utilizando como axuda un carozo (parte interior e leñoso da espiga).





Muiñada no Muiño da Presa, muiño de auga situado no Canudo (Meiro), lugar onde se moen e transforman os grans en fariña e óleo de millo corvo. A muiñada, supón un gran atractivo ver como o home aproveita os recursos da natureza: a auga, a pedra....

Enforrado e cocido da bola corva peneirase a fariña para separar o farelo procedendose despois ó amasado, para o cal se utilizan fermentos naturais. A pa é o utensilio co que se introduce a masa no forno encima de follas de col ou de castaño, previamente quentado con leña.

Como colofón final a cada tempada de traballo celebrase o Encontro Degustación do Millo Corvo, coincidindo co último fin de semana do mes de Marzo.

Onde se poden degustar unha grande variedade de productos elaborados con fariña de millo corvo, empanadas de bacalao con pasas, mexilón, berberechos, zamburiñas ..., pan de millo corvo, pan con pasas. Os doces tamén están presentes para deleitar os paladares de tódolos persoas que se achegan á aldea de Meiro, bicas, tartas de almendra, mazá, coco e nozes. Todas estas variedades feitas coa fariña de millo corvo.

A planta do millo é utilizada na súa totalidade, a máis coñecida é a súa espiga para facer fariña. Ainda que o seu aproveitamento é moi diverso e amplio, a cana e o pendón eran utilizados como forraxe para os animais, os más cativos para facer xoguetes: bonecas, paraugas ... onde a súa imaxinación xogaba un papel fundamental, as barbelas usábanse como infusións medicinais, co follaco enchíanse os sargóns (colchóns), tamén era a materia prima para facer cestos, todos ... os mariñeiros usabanno de cebo para a pesca do atún e do bonito, e quen non utilizou os carozos para facer unhas boas brasas para asar as sardiñas?

Este longo e continuado proceso de recuperación etnográfica, gastronómica e cultural do Millo Corvo, ten un marcado carácter etnográfico, ecológico, didáctico. A Asociación Socio-Cultural, Deportiva e Xuvenil Meiro, seguindo coa liña marcada dende o seu inicio, pone a disposición de tódolos centros educativos e persoas interesadas en participar nas labores de recuperación do millo corvo.

Para máis información:
637 558 957 / 678 201 453
e-mail: argibay@telefonica.net